

castiñeiro
 bidueiro
 pereira
 cerdeira
 freixo
 nogueira
 plataneiro
 sobreira
 salgueiro
 piñeiro
 castiñeiro
 alcipreste
 CARBALLO
 mazaira
 mimosa
 ARANDO

Ceip Saco e Arce. Toén 2009



DESCUBRINDO UNHA ARBORE

CEIP Saco e Arce
Abril—2009

Descubriendo unha árbore

O meu Arando - Lúa Domínguez
A porta ao inferno. - Carolina Álvarez
O meu acubillo- Daniel Cruz
A mimosa - Irene Cruz
O castiñeiro - Brais Pazos
O castiñeiro de Xestosa - Marta Morales
A froita que non faltel - María De Melo
A maceira - Lorena Seara
Festa no bosque - Lucía Pérez
O alcipreste - Raúl Melo
¡ A xogar! - Martin Alvarez
Shhhhh.... Unha árbore dorme. - Alba Rodriguez
O carballo da praza - Maria Domínguez
A mazaira - Hugo Cruz
A árbore milenaria - María Rodríguez
Os carballos centenarios - Iria Dominguez
O noso carballo - Agueda González
A árbore da praza - Miguel Cruz
A árbore das Quintas - Estela Araújo
O carballo - Sofía Fernández
O piñeiro - Rafael Sousa
A nogueira - D. Valentina Henríquez
A mazaira - Candela Nieto

Este libro é o resultado dun proxecto levado a cabo no centro con motivo da celebración do Día da Árbore . Os alumn@s elixiron unha árbore do seu contorno, fotografárona ou debuxárona, e escribiron un conto no que dita árbore fora a protagonista.

O obxectivo, ademais de festexar dita celebración, foi o de transmitir ao alumnado a importancia das árbores, non só a nivel socioeconómico e ambiental senón tamén como protagonistas de lendas e tradicións .

Toén, 21 de marzo de 2009

A XOGAR!

Martín, León, Carola e Luar eran catro rapaces que vivían nun pequeno pobo do Ribeiro.

Cada tarde ao saír da escola, baixaban camiñando ata o pé do río Miño onde xogaban ao fútbol un bo anaco.

Escolleron unha zona onde medraba un Plataneiro, non había porterías e esta árbore servíalles de poste e do outro lado marcaban a portería coas carteiras da escola. Dividíanse en 2 equipos e ja xogar!

Pasaron os anos e os rapaces marcharon a estudar ao instituto en Ourense, pero sempre sacaban tempo para verse. Os sábados ou os domingos quedaban e facían uns partidos.

Unha tarde ao chegar no autobús escolar viron moita maquinaria ao lado do río.

Cando se decataron de que ían facer un campo regulamentario de fútbol puxéronse moi contentos. Da alegría pasaron a preocupación... Que farían coa súa árbore?

Os obreiros dixerónlle que había que cortala.

Os nenos decidiron salvala: colocaron carteis, colgaron camisetas de fútbol nas súas pólas ...



A Alcaldesa, interesada polo atraso da obra, baixou á ribeira, falou cos rapaces e cos encargados.

- Temos que solucionalo da mellor forma!- dixo. O campo ten que inaugurarse o día 21 de marzo.

A solución ocorréuselle a Martín:

- Podíase trasladar a árbore ao parque, a carón do campo. Daría sombra e sempre podería facer de portería.

Todos estiveron de acordo, O PLATANEIRO foi arrincado con moito coidado e plantado no lugar sinalado.

É o lugar favorito de moitos nenos e nenas, que seguen a xogar ao fútbol coa árbore de portería.

shhhh...unha árbore dorme!

Este conto trata dunha árbore do meu xardín que ten mais de cincuenta anos e non ten nin un buraco no seu tronco. ¡Os petos non se achegan tanto a xente!.

Comeza así: Érase unha vez unha árbore que espantaba aos paxaros. A súa teima era:

Árbore- Paxaros, largádevos!.

Paxaros- Non queremos!

Árbore- Non teño paciencia para escoitar os vosos chíos cada mañá, deixádeme durmir tranquila!

E así estaban sempre, ata que chegou o inverno e os paxaros emigraron cara o Sur.

Durante a viaxe os paxaros esqueceron á árbore e non volveron mais.

Así foi como a árbore viviu feliz.



Alba Rodríguez Pacheco. 8 anos

O ALCIPRESTE

Érase unha vez unha árbore moi vella que se chamaba Alcipreste. O seu mellor amigo era o Castiñeiro, pero levábase moi mal coa Mimosa. ¡Non se lle podía nin mirar! Sempre estaba con mixiricadas: que se o vento me arrinca as flores, que se me das sombra, que se o sol non loce o suficiente... Discutía polo sol e discutía pola auga, que nunca estaba satisfeita. Un día, farto de escoitala, o alcipreste díxolle:

- Oes, ti, tranquilízate, que a auga chega para todos. Non te preocupes, que a ti non che vai faltar nunca.

A partir dese día, fixeron as paces e foron as mellores amigas de todo o bosque.



Raúl Melo Oberson. 8 anos

A NOQUEIRA: 1935 – 2009

Fai setenta e catro anos o avó do tío Manuel plantou unha nogueira e aínda segue aí con nós. Pertence á nosa familia de xeración en xeración. Danos sombra, froitos, paz...

A súa beleza dálle estabilidade aos paxaros que se pousan sobre ela, que veñen e van.

O seu froito é moi bo, sobre todo no Nadal. Adorna a nosa mesa e coas noces facemos uns doces riquísimos.

Na Primavera é preciosa, e as súas follas van cambiando de cor segundo cambia o clima. Cando, ao chegar o outono, queda sen folla dáme un pouco de tristura porque penso que terá frío... Pero de seguido chega a Primavera e xa comeza a agromar.

Alégrame saber que seguirá aí, á carón da casa.

Así quero que viva por moitos anos mais.

Diorgelis Valentina Henriquez Gómez. 9 anos.



O MEU ARANDO

Idade: 3 anos, coma min.

Beleza: Na primavera está todo verde, despois saénlle as flores que son coma faroliños e ao final do verán saénlle os froitos, que a min me gustan moito. No outono as follas póñenselle vermellas e logo cáenlle.

Situación: Está no meu xardín.



Lúa Domínguez Grande. 3 anos.

A PORTA AO INFERNO

Gael, un botánico moi coñecido na aldea de Freixendo, sempre está estudando a fraga. As distintas árbores que crecen nela, a vexetación que nace e a que desaparece, anota a temperatura, o grao de humidade...

Unha mañá cedo do mes de santos, foi seguindo unha lontra. Camiñaba ensimismado, pola marxe esquerda do río Miño, cando se decatou dunha sobreira, que nunca antes vira. Observouna de preto, dando voltas ao seu redor. Estaba espida, sen a súa típica cortiza, aínda así resplandecía iluminada polo sol da mañanciña. Fixouse que no tronco estaba gravada unha imaxe que lle recordaba a un símbolo celta. Tiña forma circular con varios debuxos de animais e incisións. Ao tocala, no tronco da árbore, apareceu unha grande fenda, coma unha porta. Gael dubidou, pero a súa curiosidade puido ao medo e penetrou ao interior da sobreira. Comezou a descender por unhas escaleira de caracol alumeadas so por unha ducia de candeas que conducían a unha sala. Era enorme, atravesada por unha alfombra vermella. A luz existente proviña de varias candeas que estaban colocadas a ámbolos lados da alfombra. Comezou a camiñar ata chegar a un portón enorme de ferro cuberto de centos de grosas cadeas pechadas cun candado. Curiosamente a chave estaba chantada na pechadura.

Gael, tembloroso, xirou a chave coas dúas mans. As cadeas caeron ao chan, producindo un gran estrondo e levantando unha nube de pó. A porta abriuse e Gael


O PIÑEIRO



Rafael Sousa González - 5 anos

O CARBALLO

Sofía Fenández Iglesias. 3 anos



entrou lentamente. Tivo que esforzar a Vista para recoñecer o que se lle presentaba ante os seus ollos. Deu uns pasos, todo eran explosións e lume por todas partes. No medio, un dragón con grandes ás mirouno cos seus ollos ardentes, botou a correr enfurecido Cara el e deu un salto coas ás abertas e as súas grandes fauces enriba del. O corazón a punto de estoupar, percibía que todo se paraba. As imaxes comezan a dar voltas e unha luz cégalle os ollos. Cando se acostuma ao resplandor atópase fronte da sobreira coa man estendida a piques de rozar cos seus dedos o símbolo celta.



Carolina Álvarez Álvarez - 6º EP

OS CARBALLOS CENTENARIOS



No pobo da miña avoa, en Bande, hai tres carballos centenarios. Foron plantados para dar sombra aos feirantes que facían a feira a carón da igrexa. Din que guían aos turistas cara a Igrexa de San Pedro.

A miña avoa conta que unha noite de tronada, un rapaz ía cara a súa casa e acubillouse nunha das árbores. Caeu un lóstrego e atravesouna, pero a árbore non rompeu, quedou queimada por dentro. O rapaz quedou malferido ata que o atopou o cura do pobo e foise recuperando pouco a pouco. Para todos era un milagre que sobrevivira, e desde entón dise que as tres árbores protexen a parroquia.

Tamén marcan á veciñanza as distintas épocas para sementar, xa que segundo van florecendo bótase primeiro a pataca, logo o millo e cando florece a terceira, a faba.

Iria Domínguez Rodríguez - 4º EP

O CASTIÑEIRO DE XESTOSA



En Xestosa, hai un castiñeiro que ten mais de douscentos anos. Antigamente estaba nun lameiro pero logo o Nono fixo unha casa ao seu carón.

Está preto da miña casa. Conta a miña nai que, cando ela era pequena, ía cos outros rapaces a xogar nel e metíanse dentro, a modo de cabana, porque xa daquela estaba oco. A pesar da idade que ten, aínda da unhas castañas grandes e saborosas.

Marta Morales López - 4º EP

A FROITA QUE NON FALTE !

Fai uns 65 anos o meu bisavó casou coa miña bisavoa Luísa. Un ano despois, o meu bisavó plantou unha cerdeira na súa horta, por debaixo da súa casa, con motivo do nacemento do seu primeiro fillo. Pensaba que cando medrara terían froita para os seus fillos, xa que naquela época escaseaba, non había supermercados e non se podía mercar a froita como agora.

A árbore medrou e deu moitas cereixas.

Un día, o meu bisavó morreu traxicamente, pero a súa árbore seguiu medrando e dando moitos froitos. ¡Deu froita para tres xeracións.!

A árbore foi facéndose cada vez máis vella e un día secou e houbo que cortala.

María De Melo . 3º EP



Lucía Álvarez Gil. 3 anos

A árbore milenaria, o moucho e as tres serpes

Eu, o moucho Morucho, vivia nunha árbore moi nova que so tiña un par de anos. Pero a miña ilusión era vivir nunha árbore moooooi vella e, para iso, tiven que voar ata o pantano das serpes. Alí todas as prantas e obxectos eran milenarios, é dicir, tiñan mais de mil anos.

Cando cheguei alí, vin á miña amiga a serpe Morticia que me mostrou unha árbore milenaria chamada “O Castiñeiro de Pombariños”.

- Que che parece esta árbore? Non che gustaría vivir nela?_ dixome a serpe.

Como as serpes Morticia, Sangrina e Espaneira eran amigas miñas, decidín quedarme a vivir naquela estupenda árbore.

Eeee, a que non sabedes o que me contou a miña amiga Espaneira? Pois díxome que esa árbore era da vila de “Roxavales” e que facían falta once persoas agarradas da man nun corro para rodeala.

Nos pasabámolo moi ben nela, pero sempre nos queixabamos de que nos faltaba algo, ata que por fin o descubrimos.

Un día, Sangrina opinou :

- Que vos parece se inventamos un xogo? Pero ten que estar relacionado coa árbore.

- Vale, por que non xogamos a falar ao revés?

- Estupendo. ¿Ao escondite xogar quen quere?

De súpeto escoitamos unha voz que dicía:

- ¿Quen quere xogar ao escondite?

Todos tremamos co medo. ¡Ata as tres serpes!

- Quen dixo iso?_ berramos_ Si aquí non hai ninguén mais ca nós.

Despois de pensar un anaco, ocurríuseme algo:

- Como esta árbore ten mais de mil anos... ¡seguro que é sabia!

E era certo: Como a árbore tiña tanta idade, devolvía as palabras dicíndoas ben.

Dende aquela, todos o pasamos moi ben co “Castiñeiro de Pombariños” e el con nós.

E... Colorado colorín.... Este conto chegou ao seu fin.

María Rodríguez Estévez. 2º EP

O MEU ACUBILLO

No San Xoán hai unha árbore moi vella. Ten moitos anos e aínda está en pé.



O tronco está oco e dentro hai unha familia de esquíos. Hai moitos paxaros que se pousan nas súas pólas, raposos que van cazar de noite e bichiños que se meten nela. Tamén hai un enxame de abellas na parte de arriba do tronco. Unha das súas pólas máis grosas está rota. Partiuna un raio que caeu sobre a árbore.

Daniel Cruz
3º EP

A ÁRBORE DAS QUINTAS

Estela Araújo. 2º EP

O meu avó contoume unha historia sobre unhas árbores que están ao lado dunha capela no pobo onde el naceu: As Quintas.

Non se sabe os anos que ten porque a miña bisavoa sempre a recorda alí e o meu avó di que, cando el era pequeno, xa era así de grande e que nos seus ocos os nenos escondían pequenos tesouros.



Contoume que cando el era pequeno os vellos dicían que fai moitísimos anos ao redor da capela e as súas árbores _ antes había dúas_ houbo un pequeno pobo con catro ou cinco casas. A xente que vivía alí non se relacionaba cos demais veciños e non querían a ninguén alleo no seu pobo. Dicían que era xente moi rara e que se xuntaban ao redor das árbores e pasaban alí as noites de lúa chea.

A xente desapareceu da noite para a mañá e nunca se volveu saber nada mais deles. As casas acabaron derruíndose pero non a capela nin as árbores.

Ó meu avó contáronlle que era un lugar máxico e que houbo xente que pediu ser enterrada debaixo das árbores, incluso algúns que eran de pobos alonxados. E alí seguen.

Din que se te pos a cavar por alí, pode que atopes restos das casas que houbo algún día e incluso ósos ou moedas que enterraban debaixo das árbores.

Unha delas, a que estaba diante da capela, foi cortada fai algúns anos cando prepararon o lugar para facer un campo de festa cun palco.

A ÁRBORE DA PRAZA

No ano 1945, En Moreiras, plantaron unha árbore diante da casa dos meus bisavós. Era un plátano de sombra, pero toda a xente lle chamaba “a árbore da praza”.



De pequenos, os meus avós xogaban á sombra da árbore e os veciños contaban contos sentados nos bancos ao seu carón. Os meus pais coñecéronse de pequenos xogando a carón da árbore. E hoxe, eu vivo na casa dos meus bisavós e a árbore segue en pe. Os meus amigos, meu irmán e mais eu xogamos tamén á sombra da árbore.

Miguel Cruz
3º EP

A mimosa



Irene Cruz Domínguez. 3 anos

A Mazaira

Esta mazaira ten dez anos. Da ricas mazás vermellas. Está na finca da avoa Juanita.



Hugo Cruz Atanes. 4 anos

A MACEIRA



Lorena Seara Calviño. 5 anos

O CASTINEIRO

ARBORE: CASTINEIRO

IDADE: PODEN SER CENTENARIOS

BELEZA: ALCANZA 35M ALTURA

FOLLAS GRANDES E CADUCAS O SEU

FRUTO A CASTAÑA ACAL ESTA NO OURIZO

SITUACION: BOSQUES ARENOSOS O GRAN-
FICOS. EN OORENSE ABUNDAN.

FESTA: MAGOSTO



Brais Pazos Pereira. 5 anos

O NOSO CARBALLO

Preto da miña casa hai un carballo de mais de 20 anos. Este carballo ten unha gran beleza. Ten o tronco delgado e retorto, do que saen 4 brazos e polas moi resistentes e verdes, que bailan co vento.

Un deses brazos ten forma de asento, onde o meu gato Pirata séntase no verán a dormitar e a afiar as unllas no seu tronco. O meu pai colgou un niño para os paxaros e dúas carautas de barro nos brazos do carballo.



Águeda González De Gennaro - 2º EP

FESTA NO BOSQUE

Había unha vez unha árbore que era moi vella. Un día pasou polo bosque un neno que estaba perdido. A árbore, que non o coñecía, preguntoulle:

- Quen es ti?
- Son Roberto. E ti?
- Eu son unha árbore, pero quedame pouco de vida. Vanme cortar!
- Vaites! Non te preocupes, voulle dicir ao leñador que cortando árbores non se consegue nada.



Ao día seguinte, o neno volveu para mirar se o leñador cortara a árbore.

Ía polo bosque e, de pronto, escoitou a alguén que se ría. Seguiu as risas e ¿sabedes quen era? Pois... era o leñador, os seus fillos, as árbores e moitos animalíños. Estaban facendo unha festa porque naquel bosque nunca xamais se ían cortar árbores.

Lucía Pérez Cagigao. 2º EP

Carballo da Praza



No pobo dos meus pais, un grupo de persoas maiores xúntanse na praza á sombra dun castiñeiro. Todos contan que ten mais de 100 anos e que, cando eran rapaces, xogaban a redor del.

Un día, anunciaron no pobo que ían talar o castiñeiro para aproveitar a súa madeira. Os veciños xuntáronse e foron ao Concello a protestar porque esa árbore era a mais antiga do pobo. Ademais había unha historia que daba conta do valor que ten esa árbore para os veciños:

"Hai moito tempo un pastor, cando ía ao monte coas súas ovellas, pasaba sempre por xunto da árbore e deixaba un pano vermello para non perderse ao regresar". Por iso o castiñeiro e quen indica que estás na Praza do pobo. É o que guía aos pastores.

Desta maneira os veciños conseguiron que non se cortara a árbore.

María Dominguez Rodríguez - 2º EP

A MAZAIRA

Cándela Nieto - 3 anos



Esta árbore plantouna o meu avó José Luis na finca de Os Cabaliños o día que eu nacín. Plantou unha mazaira porque, segundo o día do meu nacemento, é a árbore que me identifica. Se eu fose árbore, sería unha mazaira.

Debaixo da árbore gravou o meu nome e a miña data de nacemento.